

NOTA INFORMATIVA DO PROCESO SELECTIVO POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA DIVERSAS CATEGORÍAS DA CORPORACIÓN

De conformidade cos Acordos de 17 e 19 de xuño do 2026 dos tribunais encargados de cualificar o proceso selectivo convocado por Resolución do 2 de febreiro do 2026 da Dirección Xeral da CSAG, lémbrese a todas as persoas aspirantes admitidas no proceso que:

- ✓ A celebración do primeiro exercicio será:
 - O día 10 de xullo para as categorías de titulado/a medio/a, oficial técnico/a electricista, auxiliar administrativo/a, técnico/a de administración e oficial administrativo/a.
 - O día 11 de xullo para as categorías de produtor/a, reporteiro/a gráfico/a, técnico/a de iluminación, iluminador/a, axudante/a de produción, técnico/a de control, técnico/a de son, axudante/a de realización e operador/a montador/a de vídeo.
- ✓ O chamamento único comezará ás 09:30 horas na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC (Campus Norte, Avda. de Castelao S/N, Santiago de Compostela). Aconséllase acudir coa suficiente antelación para localizar a porta de acceso para realizar o exame.
- ✓ Unicamente se permitirá a entrada ao interior do recinto ás persoas que, na súa condición de aspirantes, figuren como admitidas.
- ✓ As persoas que non se atopen á mencionada hora na entrada decaerán no seu dereito á realización do exame.
- ✓ A entrada realizarase de xeito organizado: unha persoa membro da organización acompañará ás persoas aspirantes, por categoría, dende a porta de acceso da facultade á aula correspondente.
- ✓ As persoas aspirantes deberán ir provistas do seu documento nacional de identidade, pasaporte ou carné de conducir (documento orixinal) e de bolígrafo de cor azul ou negra.
- ✓ Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles no recinto.
- ✓ As persoas que rematen o exercicio dentro dos cen (100) primeiros minutos, non poderán levar consigo o cuestionario de preguntas, que lles será devolto á finalización do tempo da proba.

- ✓ Unha vez que as persoas aspirantes abandonen a aula do exame deberán saír das instalacións da facultade.
- ✓ O modelo de follas de respostas que será utilizado os vindeiros 10 e 11 de xullo do 2026 para responder ás preguntas tipo test pódese descargar a través do portal web corporativo.
- ✓ Os xustificantes de asistencia á proba expediranse de oficio para as persoas traballadoras da CSAG, de xeito que non teñen que ser solicitados polas persoas candidatas ao Tribunal. En caso contrario, pódese solicitar ao Tribunal a emisión do certificado de asistencia unha vez rematada a proba.